



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN, MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ, PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA.

ANTECEDENTES

1. O plan de explotación de moluscos bivalvos a pé da confraría de pescadores de Noia, (PE403A 2020/25-1) aprobouse para o trienio 2021-2023 mediante a Orde do 21 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira (DOG Núm. 262, de 31.12.2020).
2. De conformidade co expediente de aprobación do plan de explotación da confraría de Noia de moluscos bivalvos a pé, indicábase que para os anos 2021, 2022 e 2023 mantense o número máximo de trescentos noventa e cinco (395) permisos que poderían participar neste plan. O número de permisos vixentes na actualidade é de trescentos setenta e seis (376), polo tanto, son dezanove (19) as prazas por cubrir ata acadar o número máximo de trescentos noventa e cinco (395) permisos establecidos no plan.
3. O 13.06.2023 a confraría solicitou a cobertura das vacantes existentes ata acadar o número máximo de participantes no plan.
3. O 22.06.2023 esta xefatura territorial remitiu información á confraría de pescadores de Noia sobre as prazas vacantes a pé existentes para a explotación dos recursos ao abeiro dos plans de xestión aprobados na entidade, para que presentasen as observacións que considerasen oportunas no prazo tres (3) días hábiles.
4. O 23.06.2023 a confraría contestou á proposta desta xefatura territorial, indicando que estaba conforme coa proposta enviada.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes, o procedemento administrativo a seguir nos procesos de selección para ter acceso ao permiso de explotación para marisqueo a pé.
2. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e que figura como anexo B desta resolución.
3. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

De acordo con todo o anterior, e co disposto no artigo 13 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG Núm. 58, do 26 de marzo de 2021), modificado polo Decreto 210/2022, do 1 de decembro (DOG Núm. 239 do 19 de decembro de 2022), esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE:

Convocar o proceso selectivo para a obtención de dezanove (19) permisos de explotación, modalidade de marisqueo xeral a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión da confraría de pescadores de Noia, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





ANEXO A

Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento de dezanove (19) permisos de explotación, modalidade marisqueo xeral a pé, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Noia.

1.2. Requisitos das persoas candidatas.

Para seren admitidas ao proceso selectivo as persoas aspirantes deberán, consonte ao artigo 17º do Decreto 425/1993, do 17 de decembro, cumprir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da expedición do permiso de explotación os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroada nun concello do litoral de Galicia.
- b) Ser maior de 18 anos ou menor emancipada e non superar a idade exixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme o previsto na normativa en materia de Seguridade Social.
- c) Non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptora da renda de integración social de Galicia. As perceptoras da renda de integración social en Galicia poderán acceder ao proceso de selección, debendo renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.
- d) Non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As persoas interesadas dirixirán a súa solicitude á xefatura territorial da Coruña, empregando o modelo que está a disposición na páxina web da Sede Electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> (que tamén se acompaña a estas bases no Anexo D).

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira e da confraría de pescadores de Noia.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



As solicitudes dirixiranse á xefatura territorial da Coruña e presentaranse directamente ou a través da entidade asociativa do sector.

As solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido nos artigos 27 da lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

Xunto coa solicitude presentarase:

- a) Xustificante de ter aboado as taxas correspondentes. A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá substitución da presentación en tempo e forma da solicitude. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.
- b) Copia acreditativa do documento nacional de identidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a Orde do 7 de xullo de 2009, pola que se desenvolve o antedito decreto.
- c) Copia acreditativa da documentación que acredita cada un dos aspectos que se van a valorar segundo o baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B):



c.1) Demandante de emprego:

Informe actualizado dos **períodos de inscrición do servizo público de Emprego** acreditando o tempo que estivo inscrito como demandante de emprego, expedido pola oficina de emprego xunto co **Informe actualizado da vida laboral**, expedido polo Instituto Social de la Marina ou pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (á data de resolución da convocatoria ou posterior).

c.2) Formación:

- Actividades de formación: Copia acreditativa dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas inscritas no catálogo de actividades formativas recoñecidas para o baremo do marisqueo a pé (anexo C e tamén dispoñible na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>) na data da convocatoria. Unicamente se valorarán as actividades formativas que estean finalizadas na data de publicación da convocatoria.
- Titulación académica. Copia acreditativa da titulación académica.

c.3) Empadramento nun concello do ámbito territorial da confraría de pescadores de Noia, durante un período mínimo de 1 ano anterior á data da convocatoria.

Certificación actual de empadramento no que conste a antigüidade. Este documento só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución, de acordo co disposto no artigo 6 da Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

d) Declaración responsable de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (incluída no modelo de solicitude). As persoas perceptoras da renda de integración social poderán acceder ao proceso de selección, e deberán renunciar a ela no momento do outorgamento do permiso de explotación.



1.4. Emenda da solicitude.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, se a solicitude non reúne os requisitos sinalados requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación do requirimento, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, poderá realizarse mediante publicación no taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira e da confraría de pescadores de Noia.

2. Proceso selectivo.

As solicitudes, que cumpran os requisitos establecidos, serán admitidas ao proceso selectivo e serán valoradas consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B).

Unha vez baremadas as solicitudes, a xefatura territorial publicará unha relación provisional das persoas admitidas, indicando a puntuación acadada por cada unha delas. Nesta relación recolleranse as persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira e da confraría de pescadores de Noia.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar, perante a xefatura territorial, cantas alegacións estimen oportunas durante un prazo quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta relación provisional.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas



interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

3. Listaxe de persoas seleccionadas, presentación de documentación e concesión de permiso de explotación

3.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

A cualificación do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, este resolverase consonte ao baremo aprobado pola Resolución do 12 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (anexo B)

Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e unha vez analizadas estas, a xefatura territorial ditará unha resolución, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade, así como aquelas que non o superaron.

A lista de persoas non seleccionadas constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data da resolución da xefatura territorial.

A resolución coa relación definitiva publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da xefatura comarcal de Ribeira e da confraría de pescadores de Noia.



3.2. Presentación da documentación.

A partir do día seguinte ao da publicación da relación definitiva, as persoas que superaron o proceso selectivo disporán dun prazo de quince (15) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

- a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.
- b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán renunciar a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- c) Documentación acreditativa de non estar incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
- d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitirase unha nova resolución consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de persoas non seleccionadas.



3.3. Outorgamento do permiso de explotación.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 15 de xullo de 2011, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- Estar en posesión do permiso do certificado de mariscador.
- Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación para o marisqueo a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 1993.

